



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

### 1. Identificación da programación

#### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2024/2025

#### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacóns	CD3IFC000200	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

#### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	2024/2025	4	107	128
MP1709_12	Prevención de riscos laborais	2024/2025	4	50	60
MP1709_22	Empregabilidade e relacóns laborais	2024/2025	4	57	68

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

#### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RAÚL FUENTES OÑORO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

## **2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

Esta programación realizarase para o módulo de Itinerario Persoal para a Empregabilidade I baseandonos no Decreto 105/2011, do 12 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma , nas recentes modificacións introducidas pola lexislación estatal, e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno ou a alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector da informática e as comunicacóns.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativoprosesionalizadores, en especial no referente ao sector da informática e as comunicacóns.

Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego: Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.

Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.

Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e na elaboración do currículo Europass).

Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.

Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.

Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.

Estudo das condicións de traballo do sector da informática e as comunicacóns a través do manexo da normativa laboral, dos contratos más comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector da informática e as comunicacóns.

Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.

Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

Competencias a adquirir:

A competencia xeral deste título consiste en desenvolver, implantar, documentar e manter aplicacións informáticas multiplataforma, utilizando tecnoloxías e contornos de desenvolvemento específicos, garantindo o acceso aos datos de xeito seguro e cumplindo os criterios de usabilidade e calidade exixidos nos estándares establecidos.

Contorna profesional:

As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade en entidades públicas ou privadas de calquera tamaño, tanto por conta allea como por conta propia, e desempeñan o seu traballo na área de desenvolvemento de aplicacións informáticas multiplataforma en diversos ámbitos: xestión empresarial e de negocio, relacións con clientes, educación, lecer, dispositivos móveis e entretemento; aplicacións desenvolvidas e implantadas en contornos de alcance intranet, extranet e Internet; e implantación e adaptación de sistemas de planificación de recursos empresariais e de xestión de relacións con clientes.

As ocupacións e os postos de traballo más salientables son os seguintes:

-Desenvolvedor/ora de aplicacións informáticas para a xestión empresarial e de negocio.

-Desenvolvedor/ora de aplicacións de propósito xeral.

-Desenvolvedor/ora de aplicacións no ámbito do entretemento e a informática móvil.

Prospectiva do título no sector:

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

1. Dirixímonos cara a unha sociedade do coñecemento en que o recurso básico é o saber e onde a vontade de aplicar coñecemento se dirixe a xerar máis coñecemento, e iso obriga a realizarmos un elevado esforzo de sistematización e organización da información para podermos compartir adequadamente.
2. Nesta liña, o desenvolvemento de plataformas multidisciplinares adquire cada vez más importancia, e nestas plataformas o modelo para compartir e organizar a información contida de xeito seguro é fundamental.
3. Cada vez é más necesario para as empresas o acceso á información contida en bases de datos mediante aplicacións que, ademais, permitan xestionar de forma integral a información almacenada.
4. A formación adquire cada vez más importancia en sociedades altamente desenvolvidas, e os rápidos avances e cambios tecnolóxicos do sector fan que se demanden profesionais cunha actitude favorable cara á autoformación.
5. Unha característica fundamental deste perfil concibiría a integración de contidos gráficos e componentes multimedia en aplicacións desenvolvidas en diferentes plataformas, así como o desenvolvemento de interfaces gráficas de usuario interactivas.
6. Igualmente, no desenvolvemento de aplicacións cómpre non esquecer a importancia que adquiriu (e que aumenta constantemente) o concepto de usabilidade, e que fomenta o emprego adecuado dos componentes visuais.
7. O perfil profesional deste título evoluciona cara a unha maior integración dos sistemas de xestión e intercambio de información baseados en diferentes plataformas e tecnoloxías, e é preciso que cada vez sexan más estables e seguros.
8. Outra característica cada vez más importante para este perfil baséase en asegurar a integridade, a consistencia e a accesibilidade dos datos.
9. Asegurar a funcionalidade e a rendibilidade do sistema informático, servindo de apoio ao resto de departamentos dunha organización, é un aspecto cada vez más salientable para este perfil profesional.
10. As tarefas de tratamiento e transferencia de datos e información deberán realizarse conforme a normativa que regula tales aspectos.
11. A teleoperación, a asistencia técnica remota e a asistencia en liña configúranse como un elemento imprescindible na resposta á demanda de asistencia técnica.
12. O aumento no consumo de teléfonos, PDA e outros dispositivos móveis, coa conseguinte demanda de aplicacións específicas, implica a necesaria adaptación dos desenvolvedores a novas técnicas e contornos de desenvolvemento.
13. Da mesma forma, o consumo de aplicacións para o entretenimento e toda a cultura dirixida cara ao lecer electrónico fai necesario o emprego de técnicas e contornos de desenvolvemento moi especializados e específicos.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descripción	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A saúde laboral	Sobre a relación entre saúde e prevención de riscos, os organismos públicos, a legislación básica e os dereitos e obrigas na materia.	12	12
2	Os riscos laborais	Descripción dos principais riscos laborais. Principios básicos da prevención.	22	12
3	Xestión da prevención e primeiros auxilios	Sobre a xestión da prevención de riscos nas empresas, a participación dos traballadores nela, as actuacións ante as emerxencias, a vixilancia da saúde e a aplicación dos primeiros auxilios.	26	12

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

U.D.	Título	Descripción	Duración (sesións)	Peso (%)
4	A relación laboral e o convenio colectivo	Determinación dos dereitos e deberes nunha relación laboral, análise do convenio colectivo aplicable e identificación da representación dos traballadores.	11	9
5	O contrato de trabalho	Tipos de contratos de trabalho, incluídos os relativos ás ETTs. Novas contornas laborais.	9	9
6	O salario	Recibos de salarios, pasos para a súa cumplimentación e elementos que o componen.	9	10
7	Os cambios na relación laboral	Modificación, suspensión e extinción da relación laboral. Finiquito. Recursos do traballador para resolver os conflitos derivados da relación laboral.	10	9
8	A Seguridade Social	Funcionamento e estrutura da SS. Principais prestacións e cálculo das relacionadas coa extinción da relación laboral.	9	9
9	A carreira e o sector profesional	Quen es ti profesionalmente. as calificacións profesionais do título, as opcións profesionais e as competencias persoais e sociais.	10	9
10	A empregabilidade	A mellora da empregabilidade, a identidade dixital e o plan de desenvolvemento persoal.	10	9

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A saúde laboral	12

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de trabalho do sector profesional relacionado co título
CA1.2 Clasifícaronse e describiríronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de trabalho e doenzas profesionais
CA1.5 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
0Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Marco normativo.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.
Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).
Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).
Relación entre traballo e saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Os riscos laborais	22

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.
Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.
Principais técnicas de prevención.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión da prevención e primeiros auxilios	26

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliação
CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias
CA1.4 Analízárónse os protocolos de actuación en caso de emergencia
CA1.6 Clasifícarónse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos
CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emergencia, e reflexionouse sobre o contido deste
CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención
CA1.9 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacions de risco na súa contorna laboral.
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.
Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Análise dos factores de risco derivados das condicions de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.
Protocolos de actuación ante diversas situacions de emerxencia na empresa.
Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias.
OAnálise das condicions e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercuśons dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.
Composición da caixa de primeiros auxilios.
Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo.
Actuación en caso de risco grave e inminente.
Actuación responsable en situacions de emerxencia e primeiros auxilios.

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A relación laboral e o convenio colectivo	11

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicions laborais como persoa traballadora por conta alrea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de trabalho pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título
CA4.3 Identifícaronse as características definitorias das novas contornas de organización do trabalho e os dereitos que levan consigo

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Dereito do traballo.
Análise da relación laboral individual.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Análise das principais condicións de trabalho: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc.
Retos laborais derivados da contorna dixital.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	O contrato de traballo	9

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta alrea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.2 Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	O salario	9

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta alrea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.4 Identifícaranse os compoñentes do recibo de salario

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Análise do recibo de salario e das súas partes.



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Os cambios na relación laboral	10

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta aldea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.5 Identifícaranse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de trabajo.
Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais.
Conflitos colectivos na empresa.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	A Seguridade Social	9

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta aldea e identificaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.6 Analizouse o papel da Seguridade Social como piar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía
CA4.7 Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral

**4.8.e) Contidos**

Contidos
0Seguridade Social e estado do benestar.
Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación).
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	A carreira e o sector profesional	10

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de trabalho, relacionándooas coas competencias profesionais expresadas no título	SI
RA2 - Analiza e avalia o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais	SI

ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional
CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado
CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais más relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo
CA2.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococoñecemento
CA2.2 Analizáronse as calidades e as competencias persoais afins á actividade profesional relacionada co perfil do título
CA2.3 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego
CA2.4 Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional
CA2.5 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego
CA2.6 Identifícaronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional
CA2.7 Identifícaronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais
CA2.8 Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador
CA2.9 Identifícaronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional
CA2.10 Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral
CA2.11 Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Identificación e descripción dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requeridas.



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Contidos

Traballo por conta allea e traballo por conta propia.

Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura.

Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública

Tendencias do mercado laboral e oportunidades emergentes.

Competencias persoais e sociais más demandadas no mercado laboral actual.

Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.

Traballo na Administración pública.

Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.

OHabilidades de organización e xestión.

Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.

Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo.

Habilidades sociais e habilidades de comunicación.

Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción.

Capacidade autocritica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.

Autoanálise e evaluación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal.

Oportunidades de formación e emprego en Europa.

Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.

Información sobre a estrutura do sistema educativo.

Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.

OItinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, outros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.

A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.

Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

**Contidos**

Conflito: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.

Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking.

Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.

Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.

Estratexias para superar as eivas de comunicación.

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	A empregabilidade	10

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma reconézendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual	SI

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias
CA3.2 Identifícone a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral
CA3.3 Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.4 Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.5 Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade
CA3.6 Xustifícone o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliação
CA3.7 Elaborouse o seu plan de desenvolvimento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade
CA3.8 Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvimento persoal e profesional
CA3.9 Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvimento individual

#### **4.10.e) Contidos**

Contidos
Importancia do plan como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvimento persoal e profesional.
Relevancia para a empregabilidade..
Concepto.
Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade.
Concepto e características.
Necesidade dunha avaliación periódica do progreso.
Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvimento persoal e profesional.
Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación.
Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade.
Protección de datos persoais e identidade dixital.
Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinarios; libros, blogs; plataformas, aplicacións móviles; certificacións en liña; grupos de discusión.
Pegada e reputación dixital.
Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada.



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

## **5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliação positiva e os criterios de cualificación**

Os procedementos de avaliação aplicados polo equipo docente terán en conta a competencia xeral e as capacidades profesionais, persoais e sociais características do título, que constitúen a referencia para definir os obxectivos xerais do ciclo formativo e os obxectivos, expresados en termos de resultados de aprendizaxe, dos módulos profesionais que o conforman. A valoración do grao de consecución destes resultados de aprendizaxe farase tomando como referencia inmediata aos criterios de avaliação establecidos para cada módulo. Os procesos de avaliação adeguaranse ás necesidades metodolóxicas que presenta o alumnado con necesidades específicas, e garantírse a súa accesibilidade ás probas de avaliação.

Considéranse mínimos exigibles para alcanzar a avaliação positiva os criterios de avaliação marcados como SI no apartado 4.C desta programación.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

A unidades didácticas do módulo impartiránse ao longo das 3 avaliações do curso.

1. Unha ou varias probas (exames). Consistirán en preguntas teóricas e exercicios ou supostos prácticos. A proba escrita de cada parte da materia consistirá nun cuestionario con afirmacións para identificar se son verdadeiras ou falsas ou con preguntas test con elección da alternativa correcta (por cada dúas preguntas erróneas descontarse unha pregunta acertada), e/ou preguntas curtas e, de ser o caso, casos prácticos similares aos realizados na clase.

Notas aclaratorias para a realización de probas escritas availables:

Salvo autorización expresa, para realizar algúna tarefa en concreto, está prohibido a utilización de teléfonos móbiles, ou calquera outro dispositivo que poida almacenar información ou que poida ter conexión a internet.

No caso de que se detecte algún alumno/a copiando, solicitaráselle que entregue a proba e comunicáráselle que como consecuencia do feito lle queda esa proba suspensa.

A puntuación de cada pregunta figurará na folla de exame, de non aparecer, significaría que todas as preguntas teñen o mesmo valor.

2. No traballo en clase e traballos a realizar tanto individualmente como en grupo. Tarefas consistentes en casos prácticos de desenvolvemento e aplicación da materia impartida. Que se desagregarán, dependendo a unidade didáctica, da seguinte maneira:

\*Realización de actividades/tarefas con resolución escrita.

\*Realización de actividades/tarefas con resolución verbal.

\*Realización de buscas de información na rede.

\*Participación en simulacros de actuación respecto de determinadas situacións, propostas polo profesor. Exemplo: prevención de riscos.

\*Participación de actividades programadas como complemento as unidades didácticas impartidas. Exemplo: primeiros auxilios.

Os traballos planeados en clase e outros que serán recollidos polo profesorado. Na corrección dos traballos valorarase entre outros, a entrega en tempo e forma.

Tanto as probas escritas como as actividades poderán ter soporte papel ou dixital.

Os instrumentos de avaliação utilizados serán principalmente para o uso presencial na aula, pero, se durante o curso se produzca algúna situación de confinamento de alumnado ou profesorado (total ou de persoas en concreto) poderán ser utilizados estes instrumentos a través de ferramentas informáticas como a aula virtual, correo electrónico ou outros.

A cualificación de cada unha das avaliações obterase cos parámetros anteriormente indicados obtendo unha cualificación numérica de 0 a 10. En todo caso para aprobar calquera avaliação será necesario obter



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

unha nota de 5 ou superior, tanto na parte exame como na parte traballos.

A cualificación final do módulo de IPE I será a media ponderada en función do peso das unidades avaliadas, tanto dos exames como dos traballos.

Para superar o módulo de IPE I é necesario ter superadas todas as evaluaciones, polo que de non ter superada alguma evaluación a nota final sempre será inferior a 5.

O alumno que non acade unha cualificación mínima de 5 deberá presentarse a un exame final de toda a materia ou da materia que non teña superada, que será realizado previamente á evaluación final do mes de xuño. Este exame consistirá nunha proba teórico - práctica sobre tópicos contidos desta programación non superados, que se deberá aprobar cunha nota mínima de 5 para poder superar o módulo de IPE I.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

#### LUMNADO CON AVALIACIÓNS NON SUPERADAS.

Ao longo do curso, o profesorado se así o decide, poderá programar probas e/ou actividades de reforzo encamiñadas a que o alumnado supere as habilidades que non acadou.

#### PERÍODO DE RECUPERACIÓN DE XUÑO:

Para o alumnado coa primeira, segunda ou terceira evaluacións suspensas, realizarase unha proba final que abarcará a parte ou partes suspensas. A proba será de carácter teórico - práctico, e na que deberán obter como mínimo 5 puntos sobre un total de 10.

Ademais poderáselle encargar actividades e exercicios (tarefas) a realizar e que deberán entregar ao docente, en prazo e forma, para a súa corrección e valoración.

#### ALUMNADO DE 2º CURSO CO MÓDULO FOL PENDENTE

O alumnado co módulo IPE I pendente de 1º que pase a 2º curso, deberá realizar toda as actividades e traballos programados ao longo do curso, entregándolos nos prazos que se establezan. Antes de finalizar o segundo trimestre, este alumnado realizará un exame final que consistirá unha proba teórico-práctica con todos os contidos do módulo. Haberá que obter polo menos un 5 para superar o módulo.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliação extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliação continua**

a) A proba para o alumnado con PD poderá consistir unha única proba de toda a materia con cuestión teórico- prácticas (pregunta tipo test, preguntas curtas ou supuestos prácticos) sobre o contido do módulo que determinarán se o alumnado ten o nivel axeitado para superar o módulo.

Cualificarse de 0 a 10 puntos, e para aprobar deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5.

b) A proba tamén poderá consistir un exame con dúas partes:

Parte teórica, con preguntas tipo test ou preguntas curtas.

Parte práctica (supuesto práctico no que podería precisarse o uso de calculadora).

Para poder superar o módulo deberá acadar un 5 sobre 10 en cada una das dúas partes, no caso de ter todas as partes superadas a nota final calcularase sumando as notas (parte teórica, partes práctica) e dividíndolas entre 2

**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Cada mes o profesorado realizará unha análise do cumprimento dos obxectivos planeados nesta programación por parte dos alumnado e o axeitado ritmo no desenvolvemento da mesma que permita realizar todo o programado ao longo do curso. No caso de que se detecten problemas, tanto na adquisición dos obxectivos por parte do alumnado, como no ritmo das clases, faranse modificacións na programación, que serán recollidas na memoria de fin de curso co obxectivo de mellorar a programación e axustala á realidade de cara o próximo curso.

Para o seguimento mensual utilizarase a aplicación informática da Consellería de Educación.

Entregarase unha memoria final de curso coas modificacións e suxestións pertinentes.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ao comezo do proceso educativo realizarase unha avaliación inicial para coñecer a situación de partida, pois o que alumnado aprenderá relacionarase cos coñecementos que xa posúe. Nesta avaliación analizarase ao alumnado para detectar as diferenzas existentes na súa formación que poden condicionar ó logro das capacidades a desenvolver.

Para este módulo pasarase un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados pola titoría e datos de información de matrícula.

Durante a fase de exposición da materia, o profesorado invitará a que o alumnado consulte dúbihadas ou solicite explicacións, sobre todo a aqueles que se detectase na avaliación que requiren unha atención especial.

Esta práctica consultiva pode aportar bons resultados ao eliminar as posibles diferenzas entre o alumnado a favor dun maior coñecemento.

Así mesmo convén apoiar a cada alumno/a de forma individualizada nas actividades de aprendizaxe, supervisando de forma continuada o estado do traballo de cada un deles.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Unha vez realizada a avaliación inicial e coa información recibida polo Departamento de Orientación, faranse as adaptación metodolóxicas recomendadas por dito departamento.

## **9. Aspectos transversais**

### **9.a) Programación da educación en valores**

A finalidade da educación debe ser a de incorporar ó alumno/a á sociedade, para o que non só se debe possibilitar a adquisición dos coñecementos científicos do módulo, senón que tamén é preciso efectuar un tratamento axeitado dos problemas sociais que vivimos na actualidade como son as guerras, drogas, discriminación, globalización, medio ambiente... e que en moitos casos se deben a unha falla de educación en valores.



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

A presenza en todos os módulos do Ciclo das ensinanzas de carácter cívico e moral, denominadas temas transversais, ten unha xustificación importante pola súa relevancia social, para acadar o desenvolvemento persoal e integral do alumnado, e para a construcción dunha sociedade máis libre, democrática e pacífica.

A inclusión xenérica destes contidos no módulo de IPE I farase deste xeito:

A) Incorporándoo como finalidades específicas a acadar en distintas Unidades.

B) Tratando estes contidos como actitudes a desenvolver nas Unidades relacionadas.

C) Cunha metodoloxía e actividades específicas que favorecen seu tratamento: bo clima na aula, linguaxe non sexista, actividades grupais, debates e exposicións,...

D) Téndoos en conta á hora de avaliar, e especialmente nos criterios de avaliación.

Educación para a paz:

Está asociada coa tolerancia, a non violencia, a cooperación internacional.

En RELACIONES LABORAIS, na negociación colectiva e na folga inculcarase unha actitude de respecto cara á opinión dos demais e das maiorías.

Ao tratar as relacións económicas entre países, o comercio internacional e a Unión Europea.

Educación para a saúde e calidade de vida:

Especialmente importante no módulo, pois hai un bloque de contidos adiado especificamente á SAÚDE LABORAL: a importancia de adoptar medidas de seguridade e hixiene, a prevención de riscos para a mellora da súa saúde e calidade de vida.

Educación vial:

Tamén se introducirá en SAÚDE LABORAL, pois é outro xeito en que se afecta á saúde, mediante o estudo específico das sinalizacións de seguridade en prevención.

Educación ambiental:

Os problemas do medio ambiente, desenvólvense en SAÚDE LABORAL, incidindo nas repercusións das industriais (riscos físicos, químicos e biolóxicos) no ecosistema, a prevención como instrumento de preservación do medio e de mellora da calidade de vida. A necesidade do cumprimento polas empresas desta normativa.

Educación para o consumidor:

Preténdese dotarles dun instrumento de análise que permita adoptar actitudes responsables e críticas coma consumidores. En ECONOMIA introducirase ó explicar a escaseza e necesidade de elixir, os mercados e o funcionamento da oferta e demanda.

Educación para a igualdade entre sexos:

En ORIENTACION, corrixindo os prexuízos e discriminacións existentes á hora da elección da profesión ou na selección de persoal . En RELACIONES LABORAIS e SAÚDE LABORAL , a igualdade legal entre homes e mulleres en ambas materias, desterrando a discriminación na empresa, e favorecendo o respecto polas mulleres coma traballadoras.

Educación moral e cívica:

Pretende a construcción dun espírito crítico o desenvolvemento moral da persoa. O respecto polos demais, a convivencia, e o pluralismo. En RELACIONES LABORAIS, a responsabilidade polo traballo ben feito, o comportamento correcto e a cooperación cos compañeiros. Fomentando a xestión ética da empresa. En SAÚDE LABORAL, a transcendencia humana de prácticas inseguras, a solidariedade nos accidentes. En ORIENTACIÓN, a ética no proceso de selección de persoal.

ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Conxuntamente co Departamento de Orientación realizaranse as seguintes actividades en situación de normalidade sanitaria:

1. Charla coloquio sobre como enfrentarse con éxito a unha selección de persoal do sector da informática e das telecomunicacións.
2. Seminario práctico sobre primeiros auxilios, impartido por técnicos da Cruz Vermella ou Protección Civil. No seu defecto contarase cun experto na materia.

A realización destas actividades está suxeita á dispoñibilidade das persoas alleas ao centro educativo que participan nelas, así como que se vaian cumplindo ao seu tempo os contidos programados.

Así mesmo será necesaria a coordinación cos departamentos específicos que imparten docencia no centro.